



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal



## CONCELLERÍA DE CULTURA E PRAIAS CONCELLO DE SADA

### FESTA DA CERVEXA 2018 \_MERCADO FESTA DA CERVEXA

A Concellería de Cultura e Praias do Concello de Sada convoca una nova edición da Festa da Cervexa. Trátase dun evento que se ven organizando no verán sadense dende fai máis de 25 anos, converténdose nunha cita case “tradicional”. Impulsada dende o seu inicio ata a actualidade pola Asociación cultural Cine Castelao, nesta edición muda a súa proposta ao cesar a actividade da asociación promotora. O Concello de Sada colle o relevo na organización desta proposta cultural e festiva e propón unha renovación da iniciativa coa intención de impulsar novamente esta celebración.

O concepto desta nova edición inclúe unha proposta cultural con dous contidos principais: a música en diferentes estilos e as artes escénicas, concretamente a través de actuacións clown e circenses. Deste xeito pretendemos achegar unha programación de interese para público familiar e aumentar o público infantil que accede a contidos culturais.

Por outra banda, a oferta de lecer de carácter máis festivo contará cun espazo de mercado, o “Mercado da Festa da Cervexa”, que incluírá unha variedade de propostas gastronómicas, que dependerá do número de solicitudes da hostalería sadense que se reciban e un posto central dende o que se ofrecerá unha variedade de cervexas. As asociacións culturais do municipio terán tamén opción de estar presentes cun posto dende o que poderán informar ao público sobre as súas actividades ou vender produtos que lles permitan financiar os seus proxectos. Por último, haberá espazos reservados para iniciativas de carácter solidario impulsadas dende o termo municipal.

#### ÁREA DE MERCADO:

Organízase a través dun total de **25 espazos cubertos**, que consistirán en carpas de cor branca de **3x3 mts**. Irán cubertas con lona impermeable e terán posibilidade de peche en todo o seu contorno.

Contarán con instalación eléctrica para a súa iluminación, equipadas cunha lámpada e un enchufe. Os espazos terán posibilidade de apertura para atención ao público por adiante e por atrás.

*Achegamos un croquis con esta comunicación.*

A proposta de solicitude virá recollida nas Bases de Participación no Mercado da Festa da Cervexa 2018.

#### 1. BASES:

Achegamos o documento coas **BASES REGULADORAS** para a participación nesta edición, nas que se describen as condicións a cumprir polas empresas/entidades solicitantes, e que basicamente consisten en:

- Aportar a documentación descrita nas bases (**prazo ata o 13 de xullo**).
- Aportar unha descrición da proposta que se quere ofrecer dende o posto: venta, campaña informativa, exhibicións, actividades de promoción, campaña solidaria etc.



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal



## 2. SELECCIÓN:

O número limitado de espazos dispoñibles obriga a facer un proceso de selección do que sairá a lista de adxudicatarias dos mesmos. Os criterios de selección veñen recollidos nas bases que vos achegamos:

- a) Despois da comprobación da documentación presentada establecerase un listado das solicitudes segundo as seguintes categorías: solidaria, asociacións, hostalería.
- b) Reservarase de xeito prioritario os espazos solicitados por iniciativas solidarias.
- c) Repartiranse equitativamente o resto de espazos dispoñibles entre as demais categorías.
- d) En caso de que seguindo as condicións anteriores houber máis de 25 posibles beneficiarias, adxudicaranse primeiro as iniciativas solidarias e organizarase un sorteo para adxudicar os postos correspondentes ás demais categorías.

## 3. EXENCIÓN DE TAXAS:

Todas as empresas/entidades que resulten adxudicatarias da autorización para a explotación dun destes espazos estarán exentas de taxas.

A autorización permitirá a súa utilización nas seguintes datas:

**VENRES 20 DE XULLO:** montaxe dende as 9h. Apertura dende as 17h.

**SÁBADO 21 DE XULLO:** apertura de 12h a peche de actividades.

**DOMINGO 22 DE XULLO:** apertura de 12h a peche de actividades.

**Á finalización das actividades do domingo 22 será necesario recoller e abandonar o espazo utilizado, deixándoo nas condicións en que foi recibido.**

Quedamos á vosa disposición para calquera aclaración.  
Agardamos que esta comunicación sexa do voso interese.

Recibide un cordial saúdo.